

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E NOVE DE OUTUBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ -LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do vinte e nove de outubro de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día nove de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.748/07 de don José Aldrey Fernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dun alboio no lugar de Matelo, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 10% da parcela neta como edificación auxiliar; num. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 3,50 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto básico presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Manuel Becerra Castro cun orzamento de 4.387,43 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e sete euros con setenta e cinco (#87,75#) euros

2.2.- Instancia num. 1.846/07 de don José Tallón Freire

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Socastro-San Mamede, solicita licenza para a rehabilitación dun cuberto consistente na construción dun muro de pedra de 1 mts de altura e 16 mts de lonxitude, no lugar de Socastro -San Mamede de Ribadulla, en solo de expansión de núcleo rural (N2), e autorización para cortar a pista durante 15 días

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación nin afectarán á estrutura da mesma. Ademais a pedra a utilizar será semellante a pedra existente no resto do muro.

Ademais acorda concederlle autorización para o corte da pista, se ben debe sinalizar o desvío correctamente e como se lle indique, durante o menor tempo posible e como máximo durante 15 días.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se lle faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e un euros con cincuenta céntimos (#41,50#).

2.3.- Instancia num. 1.756/07 de don Ramón Puente Iglesias

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 120 mts de lonxitude, no lugar de Castro en solo urbano residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta (U1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerre será de 9,00 mts de distancia dende o eixo do vial; garantirase o natural discurrir das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado.

Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con sesenta e seis céntimos (#74,66#).

2.4.- Instancia num. 1.838/07 de don Maximino Pérez Abuín

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de A Y R Complementos, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a colocación de tubos para acceso as parcelas 274-A e 274-C, situadas no lugar de Castro, da parroquia de San Andrés de Illobre.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400 mm de diámetro. Ademais non se danará a calzada debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de xeito que non sobresaia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.5.- Instancia num. 1.854/07 de dona M^{ra}. Carmen Carrillo López

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento con postes e arame, de aproximadamente 29 mts de lonxitude, no lugar de Agrelo en solo rústico especialmente protexido forestal (R3).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerre será de 6,00 mts de distancia dende o eixo do vial; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.6.- Instancia num. 1.848/07 de don Maximino Pérez Abuín

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de A Y R Complementos S.L, con domicilio en Santiago, solicita licenza para unha

canalización para paso de liña eléctrica, no lugar de Castro-San Andrés de Illobre.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás condicións establecidas pola empresa subministradora e non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.7.- Instancia num. 1.850/07 de dona Olimpia Rodríguez Feijoo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da vivenda, consistente na substitución da tella existente, situada en Neira de Abaixo en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos vinte e cinco euros (#225,00#).

2.8.- Instancia num. 470/07 de Promociones Vengalicia, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Porto Cao, en representación de Promociones Vengalicia, S.L., con domicilio no número 21 do lugar de Pousada de Abaixo (Vedra), expón que con data 31 de maio de 2002 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Xián -Trobe (licenza num. 84/02), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva, solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#), xa ingresada na tesourería municipal.

2.9.- Instancia num. 1.864/07 de dona Concepción Quinteiro Núñez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no arranxo do tellado, revocados de aleiros e colocación de canos de recollida de augas pluviais, situada en Caldelas en solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e cinco euros con setenta e catro céntimos (#195,74#).

2.10.- Instancia num. 1.796/07 da Consellería de Cultura e Deporte

Dáse conta da citada instancia na que a Consellería de Cultura solicita licenza para a substitución da cubrición da igrexa de San Miguel de Sarandón, segundo a memoria valorada presentada redactada polo arquitecto don Juan Antonio Naveira Seoane, situada en Dozar en solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo levar a cabo as obras segundo a memoria presentada

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos oitenta euros con vinte e cinco céntimos (#480,25#).

2.11.- Instancia num. 1.771/07 de don Javier Ponse Mena

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en nome e representación de Cogali Grupo Inmobiliario, solicita licenza para a canalización para paso de liña eléctrica e tubos de saneamento, no lugar de Laraño, da parroquia de San Xián de Sales.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: colocarse un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas. Ademais non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba. Ademais axustarse ás condicións impostas pola empresa subministradora e non se poderá cortar o tráfico, debendo estar as obras debidamente sinalizadas e realizarse no máis breve prazo de tempo posible.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascende,

segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos #18,03#).

2.12.- Instancia num. 1.840/07 de don Sebastián Tecce

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Teo, solicita licenza para a canalización do fronte da parcela, de aproximadamente 20 mts de lonxitude, colocando tubos para o paso de auga, no lugar de Castro - Illobre.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discurrir das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de augas e non inferior a 400 mm de diámetro. ; deberán colocar unha arqueta de rexistro cada 6 mts e non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#)

2.13.- Instancia num. 1.900/07 de dona Matilde Núñez Rivas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a colocación dun portal con dous pilares de pedra e preparación de acceso á casa, no lugar de Pousada de Abaixo , emprazada en solo de núcleo rural (N1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discurrir das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso e a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#).

2.14.- Instancia num. 1.889/07 de dona Otilia Paz Estévez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 25 mts de lonxitude, no lugar de Fornelos, en solo de expansión de núcleo rural (N2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá aunha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#).

2.15.- Instancia num. 1.727/07 de don José Manuel Barreiro Costa

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Paradela en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez cun orzamento de 86.966,39 euros.

O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

O abastecemento e saneamento resólvese de xeito individual polo que en cumprimento do artigo 172 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio, deberán presentar o compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos trinta e nove euros con trinta e tres céntimos (#1.739,33#).

2.16.- Instancia num. 1.663/07 de Ufa Inversiones, S.L

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de Ufa inversiones, S.L, expón que con data 03/05/2005 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño (parcela 3), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva, solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros #90,00#), xa ingresada na tesourería municipal.

2.17.- Instancia num. 1. 663/07 de Ufa Inversiones, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Jesús Rodríguez Lareo, en representación de Ufa inversiones, S.L, expón que con data 03/05/2005 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño (parcela 4), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva, solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros #90,00#), xa ingresada na tesourería municipal.

3º.-Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento

Vista a solicitude núm. 1352/07 presentada por don José Neira Cebeiro para transmitir a favor de don Álvaro Fernández Ferro a titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a café-bar (derbi) sito no número 21 do lugar de Sarandón da parroquia de San Miguel de Sarandón, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 26 de decembro de 1973 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aproba-la liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o que esta autorización non surtiría efecto ningún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación da obra *Rampa, plataforma e aseo na Casa do Concello e outros*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Rampa, plataforma e aseo na Casa do Concello e outros* (código 06.3230.0030.0), incluída na 2ª fase do Plan Especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006, por importe de trinta e seis mil novecentos catro euros con dezasete céntimos (#36.904,17#), sendo o adjudicatario a empresa Obras y Viales de Galicia, S.L e a directora da mesma a técnica municipal.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación

5º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

5.1.- Dáse conta do escrito num. 1.617/07 presentado por Obras y Viales de Galicia, S.L, no que solicitan a devolución dos avais presentados para responder da execución das seguintes obras: construción de beirarrúas en Rúa Alcalde Francisco Carrillo (importe: 1.944,00); construción de beirarrúas en Sol (importe 1.708,00 euros) e afirmado de pistas en San Miguel, San Fins e outros (Importe: 2.392,80 euros).

Dáse conta así mesmo que no período de exposición pública non se presentaron reclamacións.


A Xunta de Goberno acorda proceder á súa devolución

6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas-

Xornadas de traballo da concelleira dona Ana Picón Cotos durante os meses de xuño, xullo e agosto. Importe 1.237,50 euros.

Quilometraxe e autopista do Sr. Alcalde, Odón C. Cobas García, durante o mes de outubro. Importe 59,82 euros.



Quilometraxe e axudas de custo por asistencia da educadora familiar dona Carmen A. Sabio Sanz ó curso de "Deseño de proxectos sociais II: Elaboración e análise" e o curso "Siuuss-Módulo de maltrato infantil" . Importe 324,02 euros.

Quilometraxe e indemnización por asistencia do bibliotecario don Xosé R. Chas a curso. Importe 141,40 euros

Quilometraxe e indemnización por asistencia da funcionaria dona Teresa Amenal Junquera ó curso de Urbanismo . Importe 32,82 euros.

Quilometraxe e indemnización por asistencia da traballadora dona Clara Lema Rodríguez ó curso de Urbanismo . Importe 36,82 euros.

Quilometraxe do traballador don José I. Munín Castelao durante os meses de xullo, agosto e setembro. Importe 65,94 euros.

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio Sanz do mes de setembro. Importe 42,00 euros.

Fondo social do traballador don José I. Munín Castelao por oftalmoloxía no mes de setembro. Importe 186,75 euros.

Gastos de teléfono de don Carlos Gamás Villanueva por chamadas de traballo co seu móbil particular no mes de setembro. Importe 27,46 euros.

Fondo social do Sr. Secretario, don Carlos J. Méndez-Losada Abalo . Importe 391,00 euros.

Fondo social da funcionaria dona María Canedo de la Torre . Importe 391,00 euros.


Fondo social da funcionaria dona Mercedes Pereiras Caldelas . Importe 391,00 euros.

Fondo social do funcionario don Carlos J. Sanmartín Carrera. Importe 391,00 euros.

Indemnización e axudas de custo de don M^a. Belén González Gestoso por asistencia a curso do Plan de formación Agrupado. Importe 273,00 euros

Indemnización por asistencias a Mesas de Selección do mes de outubro para a contratación das prazas incluídas no Programa de Cooperación, dos seguintes sres/as:

D ^a . Lucía González Louro.....	201,95 euros
D ^a . Vanessa Crespo Souto.....	186,66 euros



D^a. M^a. Cruz Vilas Giadanes..... 186,66 euros
D^a. Carmen A. Sabio Sanz..... 39,78 euros
D^a. Ana Aldrey Pereira..... 36,72 euros
D. José M. Uzal Castro..... 110,16 euros
D^a. Mercedes Pereiras Caldelas..... 162,17 euros
D. Carlos J. Méndez-Losada Abalo..... 39,78 euros

Recibo de La Voz de Galicia, SA por suscripción ó xornal no mes de setembro. Importe 30,00 euros.

Recibo de Canalsatélite Digital SL por suscripción ó Canal+ na Casa da 3^a Idade no mes de outubro. Importe 29,95 euros.

Recibos de Securitas Direct SA por mantemento da alarma nas dependencias municipais. Importe 504,39 euros.

Factura de Pazos y Vieiro SL por materiais de traballo. Importe 23,40 euros.

Factura núm. 312-B de Ferretería BOEL, SL por copias de chaves da Casa de Cultura de Santa Cruz de Ribadulla no mes de outubro. Importe 14,40 euros.

Factura núm. 1097 de Restaurante Villa Rolendis por comidas dos participantes na excursión da 3^a idade en outubro, con achegas dos participantes. Importe 1.188,00 euros.

Recibos de Genaro Barreiro por limpeza de arquetas en Laraño nos meses de setembro e outubro. Importe 180,00 euros.

Factura de M^a Carmen Vázquez Fernández por agasallos para a festa da Garda Civil en outubro. Importe 65,40 euros.


Factura núm. 244432 de Handem, SA por deshumidificador para o arquivo municipal. Importe 149,00 euros.

Factura núm. 970 de Puente Ulla, SL por gasóleo para os tractores municipais. Importe 691,75 euros.

Recibo de Catalana Occidente, SA Seg y Reas por seguro do C.P.I de Vedra. Importe 720,12 euros.

Factura de VD 07/09 de Ana Naya García, SL polo servizo de gardería no mes de setembro. Importe 4.764,50 euros.

Factura num. J100659728 de Jazztel do mes de setembro. Importe 76,45 euros



Factura num. IR-2007-001867194 de Tele2 do mes de setembro. Importe 170,43 euros

Factura num. CIO230810562 de Vodafone do mes de setembro. Importe 1.052,35 euros

Recibo de Centro Comercial Compostela por tinta impresora para ludoteca. Importe 16,50 euros

Recibo de materiais para arquivo. Importe 4,55 euros

Factura nº 8 de Panadería Raviña por pinchos servidos na Casa da Terceira Idade con motivo da exposición fotográfica. Importe 58,40 euros

Factura de Pazos y Vieiro SL por serigrafía no vestiario do persoal da ludoteca municipal. Importe 7,80 euros

Recibo de Ferretería -Droguería Botana por copia chaves. Importe 7,00 euros

Factura de Decathlon por vestiario para persoal da ludoteca municipal. Importe 65,80 euros

Factura num. 01660137 de Adif por alugamento estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de outubro. Importe 357,40 euros

Factura num. A0500766 de Copgal Santiago, S.L por paneis e material para a exposición sobre a toponimia municipal. Importe 2.157,60 euros


Facturas de Unión Fenosa, S.A por subministración eléctrica ás dependencias municipais durante os meses de xullo, agosto e setembro. Importe 7.743,05 euros

Facturas nums. 2007201, 2007213 e 2007241 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumeadado público nos meses de xullo, agosto e setembro. Importe 6.493,95 euros

Factura num. TA2E60071423 de Telefónica do mes de outubro. Importe 680,91 euros

Suscripción a El Correo Gallego do mes de outubro. Importe 33,00 euros

Factura num. 488 de Asesoramiento Contratación y Urbanismo. Importe 225,00 euros



Gastos de acometida eléctrica de dúas bombas na rede de saneamento. Importe 794,19 euros

Factura num. B.12/07 de Oficina de Planeamiento, S.A por elaboración informe para o desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Importe 3.957,92 euros

Factura núm. 002167 de Copy Estudio, SL por copias de planos. Importe 31,35 euros.

Factura núm. 7.113 de Peycar Pontevedra, S.L por vestuario para protección civil, financiados pola Xunta de Galicia . Importe 2.632,04 euros.

Factura núm. VFP/20022463 de Dräger Safety Hispania, SA por vestuario para protección civil . Importe 2.010,28 euros.

Factura núm. C070159424 de Correos y Telégrafos, SA por remisión de documentación con franqueo pagado en setembro. Importe 373,33 euros.

Factura T 1.139 de Comercial Veiras, S.A por arranxos no tractor Lamborghini no mes de setembro. Importe 10.500,39 euros.

Factura núm. A 724 de Germán Mallo, SL por rodas para os vehículos municipais no mes de setembro. Importe 192,37 euros.

Factura núm. 706218 de Proel Ascensores, SL por mantemento do ascensor do CPI de Vedra no mes de outubro. Importe 203,67 euros.

Factura núm. 1.909/07 Gráfica de Asturias, SL por material de oficina. Importe 58,84 euros.


Factura num. 703.068 de Cotelga por material hixiénico. Importe 308,33 euros

Factura num. 6385788 de Gestetner por mantemento fotocopiadora de servizos sociais. Importe 95,10 euros

Factura num. 6389605 de Gestetner por mantemento fotocopiadora das oficinas xerais. Importe 335,32 euros

Factura num. 15037 de Thalia Salud y Prevención, S.L por concerto do servizo de prevención correspondente ó 4º trimestre. Importe 522,00 euros

Facturas de Unión Fenosa, S.A correspondente á escola e local social de San Fins nos meses de xullo, agosto e setembro. Importe 215,46 euros



Facturas de Unión Fenosa, S.A correspondentes a alumeados públicos nos meses de xullo, agosto e setembro. Importe 15.944,59 euros

Factura núm. 968 de Puente Ulla, SL por gasóleo para o camión do lixo no mes de setembro. Importe 1.135,10 euros.

Facturas núm. 965 e 964 de Puente Ulla, SL por gasóleo para a brigada verde no mes de setembro. Importe 346,48 euros.

Facturas núm. 967 e 969 de Puente Ulla, SL por gasóleo para a protección civil no mes de setembro. Importe 754,34 euros.

Factura núm. 966 de Puente Ulla, SL por gasóleo para a brigada de obras no mes de setembro. Importe 203,01 euros.

Factura núm. 419.583 de Fundación Cáncer y Vida por compras promocionais no mes de setembro. Importe 84,03 euros.

Factura núm. 709/13 de Pazos y Vieiro, SL por compra de materiais para as obras e roupa de traballo para protección civil no mes de setembro. Importe 152,80 euros.

Factura núm. 350/07 de Empresa Seoane, SL por bono bus correspondente ó mes de setembro. Importe 275,40 euros.

Factura núm. 351/07 de Empresa Seoane, SL por bono bus da 3ª idade correspondente ó mes de setembro. Importe 234,40 euros.

Factura núm. 203-578/7 F de Aquagest, SA por asistencia técnica na EDAR de Ponte Ulla no mes de setembro. Importe 926,52 euros.

Factura núm. F0115291 de Quimisol, SA por compra de materiais para o pavillón municipal no mes de setembro. Importe 809,10 euros.

Factura núm. F0115290 de Quimisol, SA por compra de materiais para o CPI de Vedra no mes de setembro. Importe 767,34 euros.

Factura núm. I/36 de Castromil, SA por bono bus no mes de setembro. Importe 94,20 euros.

Factura núm. A07/443 de Gallega de Sistemas y Telecomunicaciones, SL, GST, por reparacións no repetidor de Ponte Ulla. Importe 77,41 euros.

Facturas núms. 722/E07 e 0724/E07 de Talleres San Fins, S.L por arranxos en vehículos de Protección Civil. Importe 597,05 euros

Factura num. A/276 de Ferretería -Droguería Botana por materiais diversos. Importe 579,86 euros

Factura num. 07-A/545 de Xestión e Control Noroeste, S.L por teléfonos para a Casa do Concello. Importe 1.056,57 euros

Factura num. 07/0313 de Ziegler España por material para Protección Civil. Importe 3.092,41 euros

Factura num. 22254 de Muebles Ulla por mobiliario para a sede de Protección Civil. Importe 2.377,00 euros

Factura num. 7.112 de Peycar Pontevedra, S.L por materiais para Protección Civil. Importe 3.534,52 euros

Factura num. 7 /541 de Mapoca, S.L por materiais para Protección Civil e brigada de obras. Importe 77,60 euros

Factura num. 7/539 de Mapoca, S.L por materiais para obras varias. Importe 255,10 euros

Factura num. 7/540 de Mapoca, S.L por materiais para a obra do tellado da Casa do Concello. Importe 443,06 euros

Factura num. N-00004465 de Reasa por vaciado colectores vidro. Importe 235,18 euros


Factura num. 700937 de Sapa Contenedores y Servicios, S.L por alugamento de colectores para o depósito da chatarra en setembro. Importe 775,07 euros

Factura num. 271.245 de Litonor por carteis e dípticos para teatros 2007. Importe 406,00 euros

Factura num. 249/07 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por repostos para camión. Importe 10,94 euros

Factura num. 0861/07 de Gerosalud, S.L.U por servizo de vixilancia da saúde. Importe 339,50 euros

Factura num. 2873 de Joyería Malde por agasallos institucionais. Importe 243,00 euros



Factura num. 22000493 de Initial por mantemento unidades hixiánicas e alfombras Casa do Concello, Gardería Municipal e Pavillón Municipal. Importe 853,66 euros

Factura num. 2007/3142 da Sociedade Galega do Medio Ambiente do mes de setembro. Importe 7.072,53 euros

Facturas 1072189 e 1071548 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por revisión tractor 5820 Star en xuño e agosto. Importe 316,58 euros

Facturas nums. 705/36, 707/30 e 706/31 de Alquimao, S.L por montaxe de andamios e outros materiais para a brigada de obras. Importe 3.784,44 euros

Facturas nums. 0723/E07, 0814/E07, 0725/E07, 0598/E07, 0610/E07, 0638/E07, 0639/E07, 0640/E07, 0641/E07, 0642/E07, 0488/E07, 0489/E07, 0490/E07, 0491/E07, 0492/E07, 0493/E07, 0551/E07, 0547/E07, 0546/E07, 0552/E07, 0553/E07 e 0554/E07 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal nos meses de xullo, agosto e setembro. Importe 17.357,46 euros

Facturas nums. 223, 224 e 225 de Manuel Gamallo y otro, S.C. por materiais para obras da brigada de obras. Importe 1.681,43 euros

Factura num. 227/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L por bacheos e superficiais en Illobre e San Mamede. Importe 6.330,39 euros

Factura num. 226/07 de Obras y Viales de Galicia, S.L por bacheos e superficiais en Vilanova. Importe 6.620,93 euros

Facturas nums. 2007203, 2007181, 2007234, 2007244, e 2007243 de Electricidad Cruceiro, S.L por traballos varias realizados en alumeados públicos de xuño a setembro e traballos na Casa do Concello en setembro. Importe 6.261,40 euros


Factura num. FV074487 de Comercial Electrónica Ricardo, S.L por pantalla de trípode. Importe 165,85 euros

Factura num. 2-184-07 de Salvador Liste Gómez por curso de monitores ambientais. Importe 163,56 euros

Factura num. 10110070031 de Probisa por mezcla bituminosa en frío. Importe 319,86 euros

Gastos do campo de traballo Vedra 2007. Importe 19.004,29 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas



7º.- Dar conta das Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de outubro do ano que andamos, pola que se delega na Tenente de Alcalde dona Lucía González Louro para a sinatura do convenio para o mantemento do servizo de normalización lingüística.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de outubro do ano que andamos, pola que se acorda dar de baixa no Padrón fiscal e anular os recibos da taxa de recollida de lixo emitidos a nome de don Manuel Ingelmo Alvela ó non ser o titular da vivenda.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data quince de outubro do ano que andamos, pola que se acorda dar de baixa no Padrón fiscal e anular os recibos da taxa de recollida de lixo emitidos a nome de don Mauro Chao Álvarez ó non ser o titular da vivenda, e emitir unha nova liquidación a nome do titular correcto, dona Yolanda Rúa Bravo e don Juan Ignacio Selles Abascal.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezoito de outubro do ano que andamos, pola que á vista da renuncia do único aspirante existente á praza de Xuíz de Paz Substituto, acórdase oficiar á Secretaría do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que procedan ó seu nomeamento.

A Xunta de Goberno dáse por enterada


8º.- Outros Asuntos

8.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

Dáse conta do escrito num. 1.821/07 de dona Filomena Moure Fernández, con domicilio en Paradela -San Xán de Sales, no que achegando a documentación preceptiva, solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado.

8.2.- Subvención a Sociedade Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura de Buenos Aires (Argentina)



Dáse conta da subvención concedida pola Secretaría Xeral da Emigración á Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura de Buenos Aires (Argentina) , ó abeiro da Resolución do 30 de marzo de 2007 (DOG. nº 69/07, do 10 de abril) , que establece as bases reguladoras e a convocatoria de axudas e subvencións correspondentes ós programas de apoio infraestructural ás comunidades galegas no exterior para o exercicio 2007, por importe de dezaseis mil (#16.000#) euros.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha subvención para a mesma finalidade por importe de doce mil (#12.000,00#) euros

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e quince minutos

